

# Rosalía en Camiño

DIALOGOS LITERARIOS  
MULTILINGÜES 2024

Bernardo Atxaga


Andrea C. Faria

Pol Guasch

Brenda Mondelo

Miguel R. Monteavaro

Andrea Nunes



CASA DE ROSALÍA



Edita:  
**Fundación Rosalía de Castro**


Dep.Legal: C 761-2024  
ISBN: 978-84-87668-67-8



# Rosalía en camiño

DIÁLOGOS LITERARIOS MULTILINGÜES - 2024





Diálogos

## Introdución de Chus Pato

### Coordinadora de *Rosalía en Camiño*

6

Así, nun abrir e pechar de ollos, pasaron cinco anos, cinco edicións deste encontro de poetas e das diferentes linguas da Península. Case estamos a piques de sentir unha miguiña de orgullo, de abrir un ríbeiro branco. Grazas de novo á Casa pola cordialidade para comigo e desde xa a benvida ás voces e ás linguas que nos acompañan neste 2024; benvida María Ramos Salgado, benvido Jesús Castro Yáñez -que traduciron de éuscaro e catalán para galego os poemas de Bernardo Atxaga e de Pol Guasch-. A benvida tamén ao noso fotógrafo imprescindible, Andrés Currás, e o meu agradecemento sen límites a Rocio Castro.

Sexan estas impresións que deito aquí atención e acollida para todos e para cada unha das nosas poetas convidadas. Tamén quixesen ser compaña para as futuras persoas que se acheguen á lectura destes poemas impresos.

Trazas un non círculo. Ao pechar a liña comprendes que non é posible debuxar un non círculo; diante de ti o que se abre é o precipicio. Así recita o poema de **Pol Guasch**. Sucede cando a tese é unha negación, cando a antítese é unha imposibilidade; entón a síntese é o título dun libro *La part du feu/La part del foc*. A unha pira podemos subir de maos dadas, cando o corazón comeza arder é o intre de soltarmonos. Dirimos: da combustión restan as cinzas, un lugar no que a vida, o amor, áinda son possibles. O tempo abrasa. Non existe outra hora que o mediodía, que a medianoite; a rotación do astro é un péndulo que indica a gravidade, unha froita que cae. Caer é ver un pasado, unha misión que non cesa de volver, "de meniño, deitárona nas miñas

maos, dixéronme / ten, agora crea un deus". Vivir, amar, escribir é desaparecer. O que lle corresponde ao lume é a parte que debe ser sacrificada, pero un corazón non remata nunca de arder, é insaciable. Lemos nos Vedas: o sacrificio é o antílope negro, o antílope negro non pode ser sacrificado. Dime un nome, un mundo, un son, un don, e di un final "Non me dirá adeus ningunha mao, se non é a túa".

A palabra *saudade* pertence ao conxunto daqueles nomes que -excedendo os seus posibles significados- respiran e estalan más ben preto do sentido ca dos seus referentes. Saudade é unha forza que nos auxilia na comprensión dos poemas de **Brenda Mondelo**, unha escritura intensamente metafórica e ao tempo achegada ao que chamaremos xornalismo de investigación. Si, á reportaxe ao arquivo, á arqueoloxía dos saberes. Saudade pode ser aquilo que dispara o dicir cara a un tempo cósmico, cara a unha escritura aberta "ao millo do interior dos verbos" e simultaneamente trenzada nos grandes acontecementos do século. É por esta razón pola que a voz do poema pode xuntar os labregos dunha aldea da montaña galega cos grandes movementos revolucionarios "ata sermos nós/outros traballadores na multitude" ou poñer os versos de Rosalía nos beizos dunha criada que incendia a casa dos amos polo regreso, polo devezo da súa Calabria natal. Saudade que o retorno non cura "As veces non concorda a memoria co presente/entón sabemos que vivimos con algo noso desecado:/o pulmón, o corazón, a lingua".

Que razón pode ter un poeta actual para ofrecernos de novo a voz de Orión, o cazador que camiña sobre as augas, un cazador celeste? O poema que abre o ramo que nos brinda **Miguel R. Monteavarro**, poeta asturiano de fala galega, instrúenos: "pro nunca-nunca me faledes de xustiza profética". A dúbida non se presenta; movémosen no ámbito da tragedia clásica e na reformulación e apropiación do mito. Ao longo da escritura que aquí se nos dá a ler imos coñecendo, entre outras, as narracións e a dramaturxia da morte da luz e da súa resurrección. Porén unha opción, unha comprensión más fonda se nos adianta cando

poñemos en relación este ciclo co breve poema dedicado a Rosalía, –só quen foxe do seu destino pode darrle alcance–. Así lle sucede á estirpe dos humanos que son cegados; Edipo é o máis coñecido. O heroe por forza debe ser inocente, é o descoñecemento de si o que o conduce directamente ao exceso e á culpa. Nútrense os poemas tráxicos cun pensamento paradoxal. O poeta introdúcenos nunha escritura que linda co pensamento analítico e abstracto “fuxir del infinito/ achegándose/ a el.”


Agroma o comezo de **Andrea C. Faria** como advertencia ás falas da actualidade. Frente á inminencia da extinción –a fin do mundo que en toda hora está presente– o poema clama o seu reto desde a súa contemporaneidade: “Mais ainda espero o golpe/que me abata as dimensões / três, arteriais, propícias, / abertas pela fronte como um boi..” Tres son os fíos que se cruzan en todo o conxunto: un que é de ouro e cose todo o que se opón ao adverso; outro, de verdor que asimila a carne humana ao esplendor vexetal do planeta; un terceiro, vermello, de sangue escuro, raíz e estirpe de “Mulheres de uma beleza ínvia, / amarga. Olho-as/como quem experimenta o gosto/térreo de uma raiz”. Exclama e reivindica o poema a necesidade de aceptar a suor do tempo, a súa negativa ás nupcias cun progreso que arrasa a dignidade do mundo. Fai explícitas certas verdades existenciais que non poden ser ignoradas malia a dor que nos provocan: despois dos trinta tes a cara que mereces. Pecha a serie con “Calcanhar”, un poema sen dúbida extraordinario. Rigorosa, enigmática, oracular e sempre tenra e matérica, así esta escritura.

Atenden os poemas de **Andrea Nunes** a un *ethos* poético, son auga para a sede dunha escritura que desexa intervir no tecido social. A poeta manexa con soltura e xustiza as tesoiras, tamén a navalla, e en cada texto faille un traxe aos usos e costumes que exclúen aquelas posicíons refractarias ao ideal dun consenso narcisista. Así abre o diálogo con Rosalía: “Aquí vos fala un monstro,/unhe rare,/o corpo extenso, mórbido, redondo/un desexo explícito/aquí as marxes/pero ti

podes chamarlle se queres/ integridade". A navalla debúxalle un buraco ao traxe; é entón cando se nos manifesta que a dinámica das micro e das grandes opresións goza dunha vida sádica e feliz e non dubida en castigar a quen se amosa como diferente. *Ira ou As exiliadas* confrontan o dano contra os corpos non normativos ou a emigración disfrazada de oportunidade: "Como, dime ti,/como seguir escribindo/despois de Gaza?", pregunta o poema final, respondendo o célebre interrogante de Adorno. Deixo aquí este aviso: un mestrado en tesoiras e navallas non pode ignorar o traballo das Parcas. Elas, as que mesturan o branco da lá co ouro ou o negro da noite.

Escribiu Aristóteles que a poesía era o xénero onde a palabra humana lindaba coa ausencia de significación, de tal maneira que pode absorber calquera outro xénero literario. Ler os poemas de **Bernardo Atxaga** e comentar o seu forte impulso narrativo é quizaisunha evidencia; tamén o é constatar a musicalidade que os converte en canción. Escribirei que sendo poemas usan todos os procedementos da narración escrita e oral. Os que aquí podemos ler teñen un interese moi claro pola morte: unha morte que nos sitúa no centro da vida. Lendo *Lete* podemos aprender que a raia entre a cultura e o agreste, o aquí e o alén, os mortos e os vivos, un home e un lobo... si, os rapaces das aldeas, as liturxias en latín, alguén que sabe cantar e ouvear coma os lobos. Que increíbles son os finais de cando os meniñ\*s falan da morte ou dos mortos; magníficos. Si, iso é o poema, unha palabra que lle fai xustiza á palabra, unha palabra ao pé da letra. Como é posible viaxar en avión e non ver no ceo as persoas defuntas? Porque un colt con cachas de nácará é sempre máis veloz ca a gadaña da morte. Se o poema é un disparo, a vida, en fin, a vida... "a vida é a vida".





## Pol Guasch

Pol Guasch (Tarragona, 1997) é autor de *Napalm al cor* (Premio Llibres Anagrama de novela 2021), que se traduciu ao castelán, o inglés, o francés e o alemán, entre outros idiomas. «Un mundo de desexo e supervivencia, o despois da apocalipse marcado por diversas linguas, unha represión difícil de identificar e unha escritura tan misteriosa como bela» (Mariana Enriquez). Escribiu os libros de poemas *Tanta gana* (Premio Francesc Garriga, 2018) e *La part del foc* (Premio López-Picó, 2021). No 2022 recibiu o Premio Talento a bordo do Festival Eñe de Madrid e o Premio 42 Revelación en catalán. A súa última novela é *Ofert a les mans, el paradís crema*.

No volverá te lo juro  
Rosalía de Castro

em faltes quan marxes i et penso fent coses brillants  
aventures salvatges que ja no viuré al teu costat  
les imagino provant d'entrar en el teu somni

i és que va haver-hi un temps en què vam ser inconsolables  
quan el nostre plor era un cant  
i ningú no esperava que miréssim les estrelles alhora  
—quatre ulls fixats al mateix punt bategant del cel fosc

12

des d'aleshores que cada vespre quan toquen les nou  
t'envio un missatge només dit amb paraules per dintre de mi  
jo penso que em penses també  
i sé que no és cap mentida  
perquè el temps mai no es perd  
però el temps ja no hi és  
i l'enyoro  
com t'enyoro a tu  
si és que tu i el temps no sou el mateix

[Traducción do catalán  
de Jesús Castro Yáñez  
v. páx 109]

No volverá te lo juro  
Rosalía de Castro

fáltasme cando marchas e pénsote facendo cousas brillantes  
aventuras salvaxes que xa non vivirei ao teu carón  
imaxínoas tentando entrar no seu sono

e é que houbo un tempo no que fomos inconsolables  
cando o noso choro era un canto  
e ninguén esperaba que mirásemos as estrelas á xunta  
—catro ollos fixos no mesmo punto latexante do ceo escuro

13

desde entón cada noitiña cando dan as nove  
envíoche unha mensaxe só dita con palabras por dentro de min  
eu penso que me pensas tamén  
e sei que non é ningunha mentira  
porque o tempo nunca se perde  
pero o tempo xa non é  
e estráñoo  
como te estraño a ti  
se é que ti e o tempo non sodes o mesmo

Jo et diria, amiga meva,

que no hi ha ni risc ni mort ni vida, ni tan sols un altre astre on puguem desfer el camí i plantar de nou els plataners, plantar de nou les buguenví·lees, plantar de nou arrels molt fones i fruits sucosos de vellut que facin els dies molt més amples i les nits molt més brillants;

però si no hi ha ni risc ni mort ni vida, ni tampoc un altre oceà on sucarrà el cos i no enfonsar-se, ni un altre cel on respirar i no desfer-se, escolta'm bé, que sols vull dir-te: agafa fort aquest no-viure i el seu arrosseggar-se pels camins,

agafa'l fort i digues vine, vine amb mi fins a la fondària del glaçar, fins a l'esvoranc del precipici, fins a l'entrada del volcà, fins a la punta d'aquell llamp. I quan siguem just en el límit:

deixem-nos anar la mà.

Eu diríache, amiga miña,

que non hai risco nin morte nin vida, nin sequera outro astro no que poidamos desandar o camiño e plantar de novo os plátanos, plantar de novo as buganvíleas, plantar de novo raíces moi fondas e froitos zumarentos de veludo que volvan os días ben más anchos e as noites ben más brillantes;

mais se non hai risco nin morte nin vida, nin tampouco outro océano en que empapar o corpo sen afundir, nin outro ceo no que respirar sen desfacerse, escoita ben, que só quero dicirche: agarra forte este non-vivir e o seu arrastrarse polos carreiros,

agárrao forte e di ven, ven comigo ata o fondo do glaciar, ata a fenda do precipicio, ata a entrada do volcán, ata a punta daquel lampo. E cando esteamos xusto no límite:

soltémonos da man.

Ens queda encara cel per esmunyir,  
la part del foc surant damunt de l'aigua,  
un tel cremós que va tenyint  
els núvols de la nit, enumerar els infants  
que dormen i respiren lentament  
a dins del llit. És més: encara ens queda  
nuar bé els nostres cossos amb lligams  
molt fràgils, escoltar el batec d'un cor  
que falsament batega —mort i viu—,  
prendre'l després amb les mans, aquest cor  
fràgil, i entre tots dos fer l'intercanvi:  
jo et dono el meu, tu em dons el teu, mirant-nos  
amb dolor desconegut, i en comptar  
tres, ens diem, en comptar un, dos, tres,  
l'espremem fort com si tots dos volguéssim  
fer-ne dia lluminós, d'aquesta nit.

Aínda nos queda ceo por discorrer,  
a parte do lume que sobrenada na auga,  
unha tona cremosa que vai tinxindo  
as nubes da noite, enumerar os nenos  
que dormen e respiran lentamente  
metidos na cama. É máis: aínda nos queda  
atar ben os nosos corpos con lazos  
moi fráxiles, sentir o bater dun corazón  
que falsamente bate —morto e vivo—,  
tomalo despois nas mans, este corazón fráxil,  
e entre os dous facer o intercambio:  
eu douche o meu, ti dásme o teu, mirándonos  
cunha dor descoñecida, e ao contar  
ata tres, dicímonos, ao contar un, dous, tres,  
estrullámolo con forza coma se quixésemos  
facer un día luminoso desta noite.

## **poema de la fi I**

amb David Leo García

18

- |                 |  |
|-----------------|--|
| Digues un nom.  | Diré el teu nom.<br>O el meu, que ets tu i que ets jo i que són<br>també els camins que ara ens separen.               |
| Digues un món.  | El que s'escola<br>vertical pels regalims quan<br>frego insistentment tots els segles<br>que se m'aferren a les dents. |
| Digues un so.   | Diré el batec<br>d'un peix que mor clapotejant<br>a la coberta d'un vaixell.   |
| Digues un verb. | Diré el verb viure,<br>que és caminar i riure molt<br>—com diu Bauçà i també dic jo.                                   |
| Digues un do.   | Desaparèixer<br>fins que del tot no en quedí res,<br>que és el mateix que dir estimar.                                 |
| Digues un furt. | La mar que creix,<br>l'arbre que creix, l'infern que creix:<br>la veritat, que creix ben sola.                         |

## **poema da fin I**

con David Leo García

- |              |  |
|--------------|--|
| Di un nome.  | Direi o teu nome.<br>Ou o meu, que es ti e que es eu e que son tamén os camiños que agora nos separan.                 |
| Di un mundo. | O que esborrexo<br>en regos verticais cando<br>frego con insistencia todos os séculos<br>que se me aferran aos dentes. |
| Dime un son. | Direi o latexo<br>dun peixe que morre bategando<br>sobre a cuberta dun barco.  |
| Di un verbo. | Direi o verbo vivir,<br>que é camiñar e rir moito<br>—como di Bauçà e tamén eu digo.                                   |
| Di un don.   | Desaparecer<br>ata que de todo nada quede,<br>que é o mesmo que decir amar.  |
| Di un furto. | O mar que medra,<br>a árbore que medra, o inferno que medra:<br>a verdade, que medra ben soa.                          |

- Digues un crim.      El cos. (La Història,  
que és feta a parts, i té deixalles  
i repels, i es demana què  
li passa rere les paralles  
quan s'adorm, i ningú la veu.)
- Digues un dit.      El que assenyala  
la part de mi que deixo enrere  
—«jo també sóc fora de mi»,  
i no ho dic jo, és Blai Bonet.
- Digues un lloc.      La tremolor.
- Digues un dret.      És mitja vida,  
veure com dus l'eclipsi fosc  
i lluminós a dins dels ulls.
- I digues un final.      Les línies  
de la mà prenen dos camins  
que mai no es troben:  
tu, el de la vida; jo, el que diu  
que el meu dolor  
és un ocell.

- Di un crime. O corpo. (A Historia,  
que está feita con retallos, e ten marcas  
e respigos, e pregúntase que  
é o que lle pasa tras das pálpebras  
cando adormece, e ninguén a ve).
- Di un dedo. O que sinala  
a parte de min que deixo atrás  
—«eu tamén son fóra de min»,  
e non o digo eu, é Blai Bonet.
- Di un lugar. O tremor.
- Di un dereito. É media vida,  
ver como levas a eclipse escura  
e luminosa no teu ollar.
- E di un final. As liñas  
da man collen dous camiños  
que non volven atoparse:  
ti, o da vida; eu, o que di  
que a miña dor  
é un paxaro.

## **poema de la fi II**

L'amor també era això: un recer  
en la intempèrie i totes les ventades, després.  
Descompartir —que vol dir trencar—,  
i trobar-nos per desfer el cabdell,  
i separar-nos per refer el cabdell  
sota el cel rovellat de tant mirar-lo.  
Cosir la nit i descosir-la de dia.  
No embastar la vida: desbotonar-la.  
La vida —lloc on es fa impossible viure.  
L'amor —lloc on es fa impossible estimar.  
Cremar-se les mans amb la neu tan freda  
que fa gruix davant de la sortida,  
i tancar les portes de l'infern i esperar  
que n'hi hagi prou i que es perdi  
la malura pels camins enrevessats.  
Obrir-les després d'enyor de flamarada  
i cridar la paraula *vida*, la paraula *amor*,  
i esperar sempre, sempre esperar que faci eco  
a les sales buides de l'infern que has tornat a obrir.  
Ser anterior a les paraules, i desaparèixer  
rere l'engolida d'una pastilla que et retorna,  
com una faula, al principi, a un nou recer,  
a un altre indret desconegut, amb les mateixes  
ventades que l'enfonsen: l'amor.

## poema da fin II

O amor tamén era iso: un abeiro  
na intemperie e todas as ventadas, despois.  
Descompartir —que quere dicir romper—,  
e atoparnos para desfacer o nobelo,  
e separarnos para refacer o nobelo  
baixo o ceo enferruxado de tanto miralo.  
Coser a noite e descosela de día.  
Non ganduxar a vida: desabotoala.  
A vida —lugar no que se fai imposible vivir.  
O amor —lugar no que se fai imposible amar.  
Queimar as mans coa neve tan fría  
que se amorea na saída,  
e cerrar as portas do inferno e esperar  
que iso abonde e que se perda  
a doenza polos camiños revirados.  
Abrilas despois con morriña da labarada  
e berrar a palabra *vida*, a palavra *amor*,  
e esperar sempre, sempre esperar que ecoe  
polas salas baleiras do inferno que volviches abrir.  
Ser anterior ás palabras, e desaparecer  
tras engulir unha pastilla que te devolve,  
como unha fábula, ao principio, a un novo abeiro,  
a outro sitio descoñecido, coas mesmas  
ventadas que o afunden: o amor.

### del cretaci a avui al matí

Com sis mil astres que ho fan tot  
i no fan res, a la vegada,  
que només pesen i graviten  
i s'empassen meteorits.  
Així la fruita cau, tota macada,  
i quan l'agafo, terriblement  
m'apunta a mi. I dicta el càstig.  
*Per exemple:* la meva mà que pren  
els teus dits i els burxa cor endins;  
*per exemple:* el miner que esventra  
el món a través de les cavitats;  
*per exemple:* un nen que s'arrossega  
matriu amunt, deshabitant el viure;  
*per exemple:* tu dient-me que l'amor  
és un buit on vam trobar-nos,  
i que el buit, com el solc  
que deixa a terra un meteorit,  
com el trau que perfora  
el cuc dins aquell fruit,  
de ser tan buit, desapareix.

## do cretáceo a hoxe pola mañá

Como seis mil astros que todo o fan  
e non fan nada, a un tempo,  
que tan só pesan e gravitan  
e tragan meteoritos.

Así a froita cae, toda mazada,  
e, cando a collo, terriblemente  
apunta para min. E dita o castigo.

*Por exemplo:* a miña man que colle  
os teus dedos e os espeta no corazón;  
*por exemplo:* o mineiro que destripa  
o mundo a través das cavidades,  
*por exemplo:* un neno que se arrastra  
matriz arriba, deshabitando o vivir;  
*por exemplo:* ti dicíndome que o amor  
é un oco no que nos atopamos,  
e que o oco, igual que o rego  
que deixa na terra un meteorito,  
coma o furado que perfora  
o verme nesa froita,  
de ser tan oco, desaparece.

Aquí, hi he estat abans: he vist  
aquest crim nou altra vegada, he vist  
aquest ficus vermel·l florir tants cops,  
ja, he vist el lloc, l'hora, la data,  
aquesta mateixa data exacta, he vist  
el fruit tallat pel mig i la polpa  
brillant al sostre, he vist també  
el pes d'una destral entre les mans,  
—i no duia cap destral agafada,  
entre les mans. He vist el futur  
en figures de porcellana —i jo les podia  
moure, corrupte—, he vist la mentida  
vívida i inútil disconnectar tants  
cables poderosos, que eren tan forts,  
he vist com tothom em deia  
«era com tu, ets com ell, t'hi assembles  
massa», he vist morir una nit que era  
tota meva al llit del mar, l'inacabable  
pasturar dels ramats per la muntanya,  
i el seu pastar l'herba com t'agafava  
jo les mans. També, molt temps  
després, l'esclat dels ulls damunt  
les fulles, i les flors, i els fruits,  
que ho pintaven tot de carmí  
i s'unia amb la vida gelatinós el món.

Aquí xa estiven antes: vin  
este novo crime outra volta, vin  
este ficus vermello florear tantas veces,  
xa, vin o lugar, a hora, a data,  
esta mesma data exacta, vin  
a froita tallada ao medio e o brillo  
da polpa no teito, vin tamén  
o peso dunha brosa entre as mans,  
—e non levaba collida brosa ningunha,  
entre as mans. Vin o futuro  
en figuras de porcelana —e eu podía  
movelas, corrupto—, vin a mentira  
vívida e inútil desconectar tantos  
cables poderosos, que eran tan fortes,  
vin como todos me dicían  
«era coma ti, es coma el, imítaslle  
por demais», vin morrer unha noite que era  
toda miña no leito do mar, o inacabable  
apacentar do gando pola montaña,  
e o seu pacer na herba igual que te collía  
eu da man. Tamén, moito tempo  
despois, o esplendor dos ollos sobre  
as follas, e as flores, e as froitas,  
que o pintaban todo de carmín  
e uníase coa vida xelatinoso o mundo.

He vist l'aigua que es movia fent cercles,  
en l'estany, i les carpes obrint les boques  
on cabia un altre món, sencer,  
a dins, i en cada floc que dava, els dava  
també un tros de mi, de pell sobrera.  
I he vist, com sé que veuré quan de nou  
torni a ser aquí, pensant sense barana,  
que hi ha una missió que desconeix  
que he d'acomplir: de petit,  
van posar-me-la a les mans, van dir-me  
«té, ara crea un déu», i ni la tramuntana  
ni aquest vent d'estepa no l'han dissolt encara.

Vin a auga que se movía en círculos,  
no estanque, e as carpas abrindo as bocas  
nas que cabía outro mundo, enteiro,  
dentro, e en cada faragulla que daba, dáballes  
tamén un anaco de min, de pel sobrante.  
E vin, como sei que verei cando volva  
de novo estar aquí, pensando sen varandas,  
que hai unha misión que descoñezo  
que debo cumplir: de pequeno,  
pousáronma mas mans, dixéronme  
«toma, agora crea un deus», e nin a tramontana  
nin este vento de estepa o disolveron áinda.


#### **quart esbós i últim**

Quina tristesa, d'avui endavant, el nostre tan estret cercar-nos per les pedres, entre les cases on ja no viurà mai més ningú, a dins els escenaris invisibles que dèiem que viuriem algun dia, ves a sa-ber com i ves a saber quan, per sobre l'asfalt, allí col·lidits entre la grava, xiulant cançons que no haurem escoltat mai. Sentir el soroll del caminar i que no sisguis tu, qui va buscant-me. Cap mà ja no em diu adeu, si no és la teva.

### **cuarto esbozo e último**

Que tristeza, de hoxe en diante, o noso tan estreito buscarnos polas pedras, entre as casas nas que xa nunca máis vivirá ninguén, dentro dos escenarios invisibles que diciamos que viviríamos algúñ día, vai ti saber como e vai saber cando, por sobre do asfalto, alí ao colidir entre a grava, asubiando cancións que non teremos escoitado nunca. Sentir o rumor do camiñar, e que non sexas ti, quen me vai buscando. Xa non hai man que me diga adeus, se non é a túa.





## Brenda Mondelo

Naceu en O Seixo, Pedrafita do Cebreiro, 1994. É graduada en Xornalismo e Ciencia Política. Na súa primeira obra publicada, "O espello de Celia" (Premio Xoán Díaz), conversaba cunha das últimas habitantes da súa aldea. Gañou o (Re)inventando Xela Arias e o Lorenzo Baleirón con 'Neve', editado por Chan da Pólvora. Participou tamén na obra colectiva 'Última poesía crítica. Jóvenes poetas en tiempos de colapso'.

I

ao principio  
apareceu a herba  
e medrou aló  
onde se podía ver o ceo  
por dentro dos prados

cavilei en que tamén habería embaixo das paredes terra labrada,  
talvez, unha casa partida pola metade para poder maxinar,  
amodo, a súa continuación...

34 “Gústanme os lugares que se prestan a seguir inventándoos,  
quiero decir, que se soñan por partes”, comentei mentres un merlo  
batía contra o campanario.

[ Logo pensei en facer un libro  
coma outras veces  
fantasiara con posuír unha fábrica de aldeas ]

porque ao principio  
a man deseña a forma que pode tomar un campo no papel,  
dítase máis aló das inclinacións do trigo  
cre que se estende coma unha seara vista pola cámara,  
e ábrese igual ca se enceta a pel dun anxo

ao principio  
cres que dormes por dentro da auga, pero...

“— *Sabes por que están dentro da auga?*  
— *Queren vivir eternamente”*

*Nostalgia (Tarkovski, 1983)*

II

Matinei en Rosalía mentres miraba o filme de Tarkovski;  
cando as aves voaron do interior da virxe  
crin que danzaban  
anacos de cravos nos seus picos  
e a santa proclamaba: "Son libre como os paxaros"  
para logo tronar o ceo de mediodía no seu ventre

esa noite  
antes de durmir  
cavilei en se a Madonna del Parto  
non se convertería na Virxe da Paloma  
á que Rosalía buscara

cando non quixera cantar ás pombas i as flores  
e así o escribira  
para que un río se estendese cabo dos séculos,  
nas mans que abrían libros contra o reloxo de campá  
e entraban no fondo do pan ou no peso dos cometas.

### III

Hai veces nas que imaxino os obxectos que Rosalía amaría

quero dicir  
vou atopando  
segundo o tacto  
as súas estampas

de súpeto, recóbrense de edificios de barro,  
descóbreste a vida coma o eixe do pulmón dos bois  
segundo vai a roda do carro escribindo...  
cerebros nos camiños.

IV

En *Nostalgia* mencionaron a unha muller:

- “Sabes que unha criada de Milán queimou a casa dos seus xefes?
  - Por que?
  - Por nostalxia. Quería volver a Calabria coa súa familia, así que incendiou a casa que lle impedía cumplir o desexo”.

nesse momento  
albisquei á rapaza  
mirando a lúa do armario  
antes de prender lume  
e caer un bocado de noite  
no borde dos lagos  
para tomar prestadas  
as medidas nos brazos da música  
e entón comezar a falar  
(coma se for Rosalía de Castro)  
*“das ideas loucas que eu teño  
das imaxes de múltiples formas,  
de estranas feituras, de cores incertos,  
agora asombran,  
agora acriaran  
o fondo sin fondo do meu pensamento”*

(Vaguedás, *Follas Novas*, 1880)

## V

Poderemos atravesar a piscina  
de Santa Catalina cunha candeia prendida?  
Talvez, disolvernos na auga termal ata ser a casa,  
un enderezo lento sobre o que atopar a vida  
e desfacernos nas moléculas  
para descubrir a luz  
pola raíz

[ para nós será  
confiarmos na claridade das infancias]

agora eu tamén observo a Rosalía  
no seu xardín, entre a figueira e as camelias,  
agora eu tamén cargo o volume das sombras

VI

[ Un músico do século XVIII  
suicidouse logo de volver ao seu país  
polo que tanta saudade sentira ]

Ás veces, non concorda a memoria co presente  
entón sabemos que vivimos con algo noso disecado:  
o pulmón, o corazón, a lingua

pregúntome cantas mortes andarían polo corpo de Rosalía;  
un lugar falece  
dentro dunha época  
e fica defunto na nosa materia  
porque (case todos) temos medo

39

á auga e á nostalxia,  
quero dicir, ao fin do mundo.

*“Extinguióse la luz: llegó la noche  
como la muerte y el dolor, sombría:  
estalló el trueno, el río desbordóse  
arrastrando en sus aguas a las víctimas  
y murieron dichosas y contentas...  
¡Cuán bella y caprichosa es la alegría!*

(...)

*“Sólo el cauce arenoso de la seca corriente  
le recuerda al sediento el horror de la muerte”*

*En las orillas del Sar ( Rosalía de Castro, 1884)*

*“Cada home é unha porta entreeaberta  
que dá a unha sala para todos.*

*“O chan interminable  
baixo os nosos pés  
A auga brilla entre as árbores.  
O lago é unha ventá á terra.”*

Tomas Tranströmer. *O ceo a medio facer* (1962)

### A cancela

40

Recordas a maneira na que cantaba a cancela do vento aquel verán?  
Como semellaba que dunha cereixeira ía nacer o abecedario  
e nós buscábamos contar o tempo por areas  
e con elas construír a materia do espello  
calcado nesta palma que hoxe miro a contraluz  
mentres xogo coas letras de azafrán esvaecidas así,  
no abano da razón que só entende a suma dos días,  
o lazo neboeiro dos defuntos e a orde da historia.

Lembras entón a escala sobre a que rubía  
a cancela do vento ese verán?  
Como eu pendía dos barrotes de metal;  
no meu maxín eran pintura traída da lúa  
e sobre eles quería agarrar as liñas celestes  
que conducían ao ceo a medio facer

A medio facer, a aldea nunca estaba a medio facer, só o ceo...  
Como ía estalo?

Se o canto dos grilos ficaba gravado no caracol do meu oído,  
e así durmía, co timbre da noite, tan dentro  
que eu sentía que xamais ía acabárseme o tempo,  
pois só había que andar un pouco máis  
para atopar a harmonía das esferas,  
os corpos azuis enlazando a música.

Só tiña que permitir que un grolo de sol entrase na caixa sinfónica,  
na corda do violín que abarcaba o último minuto da luz,  
na sombra sobre a sombra do cervo malferido,  
cos pezuños cheos de xestas e macela.

41

E así aparecía a noite estampada na cancela,  
absorbendo a lóxica, a síncope das notas  
e a madeira branca dos xoieiros,  
así entraba a escuridade no corazón  
que bombeaba as visións lentas do día,  
arrastrando a crenza ata o precipicio,  
onde toda idea se tornaba de cristal.

Digo eu agora, non te acordarás  
da febleza do trino do paxariño  
que me ocupou a cortiza cerebral  
nun mes de xullo coma o de arestora,  
cando metín tomiño nun lenzo de estrelas  
cando gardei rosas no fondo dos armarios;  
semprre foron a chave do meu tempo,  
o substantivo convertido en golpe de aire,  
o debuxo a lapis no interior das vogais,  
a cartolina de lavercas pendurada na cinta da retina,  
no nervio debullado ata lograr a escuridade filoxenética.

Digo eu que non te acordarás,  
pois se alén do teu deserto de amnesia existise unha cancela  
esta xa sería outra e entón viría un día tras doutro  
unha folla de carballo tras doutra  
unha casa de auga asolagada nun río de rostros humanos,  
no incansábel atardecer da morte,  
esa que nunca se dá cinguido na parede pastel do cuarto.

[De "O espello de Celia" (Medulia Editorial, 2022)]

## Espello

E entón vou roubando o brillo ás estrelas,  
extraendo cun pincel a cor da herba  
Vou esgaduñando a cortiza dos carballos  
para que este fique entre a unlla e a carne,  
entre a noite e a sede da madrugada,  
cabo do mar, cabo da boca do ceo onde aparece  
ese cristal, o cristal de André Breton.

O firmamento ábrese ao peito do lobo,  
ao millo do interior dos verbos,  
á constelación de azucré deitada acó,  
na diadema do idioma esculpida no leite.

43

A oración dorme na fiestra de Chéjov,  
fundida na luz do bosque,  
no baúl dos cuartos cerrados,  
no compás do reloxo,  
na forma da lama,  
no cariz da terra.

Co peite do pasado descubro a raíz da cal nacen tulipáns,  
envisa na danza dos pétalos,  
nos cántaros de amor que encheron os avós.

[De "O espello de Celia" (Medulia Editorial, 2022)]

Vinte anos despois,  
o pozo acolle as chaves da noite  
e o espello reflicte a Celia;  
a Celia tomando na man o corazón dun coello,  
a Celia gadañando prados mentres a música dos grilos  
abraza a cadencia da atmosfera nun valse de violíns,  
nun frasco de bolboretas migrantes cara a noite íntima,  
de súbito, ceibe ante o roce dun xardón contra o outro,  
ante a escada de granito sobre a que empulíña a melancolía,  
na habitación onde non pode desaparecer o rumor;  
o rumor pasado sobre o que canta o carro dos bois,  
sobre o que escoito o timbre dos merlos...

Non, eu digo;  
o espello non ha de borrarse perante as nubes de Baudelaire,  
as cales desexan convencernos de que só as temos a elas,  
solitarias diante do sono borroso das semanas,  
a elas, fuxindo da arca de cervatos, a elas, nubes, a elas...

Non sendo que a vida se detén e o pulso latixa baixo o xardín;  
no tacto dos saltos toma a pel da aldea  
e ao fin un río xungue esta voz á candea que alumea xusto aló,  
o cristal do espello de Celia.

Penso en Nadezhda Krúpskaya rubindo ao tren en Suíza  
e acordo as rúas dese mediodía de abril;  
a miña memoria calla nas décadas de arxila,  
cordas de arandos roldan os andeis da biblioteca en Zürich,  
apanazando lecturas moídas na neve,  
abrindo postais e botando a pluma a escribir  
sobre o vento caligráfico  
disolto  
nas montañas de tinta e azucre

45

deitada no colchón do pan rolete  
albisco a fiestra aberta  
e adormezo ollando o ovo do cal nace o reiseñor  
para guiar os vagóns onde viaxa a historia do século...  
...coma se o mapa entendese o pestanexo das estrelas  
e sumase o brillo nunha ecuación,  
nese número reverdecido no horizonte  
– no corazón mazá da álgebra –  
para ler as verbas sonetadas no peito carmín  
onde tamén se debuxaron os continentes  
e as frechas atravesaron o apartamento baleiro,  
a cama na que me deito esta primavera de 1917

Entra, por fin chegamos acó (...)  
Cóntame de Rusia;  
toda a vida vin o país en ti  
a través dos teus ollos verdes  
que entraban nos campos,  
no peito da fame,  
no pan, no pan,  
na vida  
que áinda agonizando  
lle medraba nos ollos a Aleksandr Uliánov

46

si, esa que tamén pendura  
agora na beira máis radiante  
da mirada do pardal celeste  
a piques  
de despregar  
as  
ás

Porque podemos ver ao mozo aforcado fronte a nós,  
podemos estremecernos  
ata que ti continúes anotando no encerado  
unha secuencia que resucite no seu iris,  
unha cadea que destrúa pola forza o patíbulo,  
así, ata que volvas ensinarme Rusia  
na parte do teu brazo  
pola que circulan os obreiros de Petrogrado,  
no anaco de pel polo que as fontes adormecen  
só coa música da caída líquida na pedra,  
sen saber nada, sen escoitar nin ver,  
así... ata sermos nós  
outros traballadores na multitude

( ... )


47

(...)

Os paxaros de cando eras neno non os quito do pensamento

[De “Neve” (Chan da Pólvora, 2023)]





## Miguel Rodríguez Monteavaro

Nado en Bual (Asturias, 1990) é poeta, músico e doutor en lingüística asturiana. Os seus poemas, escritos orixinalmente en galego e en asturiano, foron traducidos a varias linguas. Publicou varios libros de poesía: *Trenta razóis pra nun medrar* (Trabe, 2010), *Todos os tristes de mayo* (Trabe, 2013), *Poemas pr'amantes e paquidermos* (Trabe, 2013), *superpoderes* (Goberno do Principado de Asturias, Instituto Asturiano da Mocidade, Trabe, 2020) e o bilingüe *Oi, que dice mamá que volvas/Hey, mom says come back* (Goberno do Principado de Asturias, Impronta, 2023). Tamén gañou varios premios como o XIX Premiu de Poesía Padre Galo (2012), Asturias Joven de Poesía (2019) ou o I Premio Ría del Eo de Poesía (2021).

# I

faládeme das ambiciois, da calor, das lluitas,  
das conquistas, dos paradigmas del tempo,  
das candelas, das tardes que xa nun vou botar xunta meu pai,  
del último conto en dálmata, del brillo da llúa condo xela anguloso,  
dos pasos que dou condo me vou confesar,  
pro nunca-nunca me faledes de xusticia profética.

os reis del mundo, os padres das nosas namoradas,  
os machos-omega que dirixen os movementos das esculturas,  
condénannos a todos aquellos homes periféricos  
a úas vidas sen lluz, á cegueira envidiosa.

50

se por amar temos que sentir culpa,  
conto hai que padecer por odiar?

II

tu mírasme de riba a embaxo  
cos ollos en auga e faltos de calor e pensas  
pro que home más forte! nun chora e nun dice nada!  
e eu teño que dicirche coas maos e cos dentes  
e coa mía postura tan pouco harmónica  
que soi forte por fóra, pro fráxil por dentro  
e por eso rompo cousas e desfago vidas  
e manco a xente e os animais  
e quito el ánimo con comentarios que ofenden  
e por eso me comporto como un demo en fase de expansión.

polo menos tu  
podes chorar a grito pelado,  
polo menos tu  
podes darte cabezazos contra as paredes e pensar  
ai, desgraciada de min!  
tu teisúa educación  
que te ha a llevar a ser reina.  
non como eu, un home  
que dixo non aos privilexios,  
que nun ten un espacio pra deixarse render,  
tan forte e grande que nun colle en ningúa chamada  
urxente.

polo menos tu poderás dar paseos interminables  
agarrándote el peto como desquiciada  
pola praza pola que paseabas antes de conocerme,  
pola marina, pol casco vello,  
berrando polos recantos  
por que? por que eu? por que  
tería eu que deixar el meu namorado?

tu mírasme de riba a embaxo,  
pro agora a min que me queda?  
ser un san marcos del futuro, un xonás,  
cristo rei del antroiro, un rellastro nas risas  
compracentes dos meus compadres.  
tu teis un futuro, a min  
que me queda? despois de dicir non aos privilexios.  
as lluces coloradas e verdes dos meus portos  
han a ir féndose mansamente  
primeiro grises e despois opacas,  
nun vou saber entrar xa na antesala da mía habitación.

tu sigues mirándome de riba a embaxo  
como un cuadro de pintura covarde,  
como un goliath de capa caída,  
como un monte que esfanou.  
tu sigues mirándome de riba a embaxo  
cos ollos en auga e faltos de calor e pensas  
era el home más forte!  
e eu teño que repetirche coas maos e cos dentes  
e coa mía postura tan pouco harmónica  
que é por eso polo que rompo cousas e desfago vidas  
e manco a xente e os animais  
e quito el ánimo con comentarios que ofenden  
e que é por eso polo que me comporto como un demo en fase de expansión.

### III

supoño que agora toda esa xente ta mirando pra esta lluz.  
dirán:

como alluma! dende agora xa forma parte das nosas vidas!  
como capta a nosa admiración un fenómeno tan estraño!

todos, seguro, tein rostro de ilusión e acenan col dido  
mentres intentan nun abrir muito a boca.  
os medios de comunicación xa tarán presentes.  
informarán da presencia del máis alló,  
del mito total al que todos taban deseando volver.

eu tou sentado. espero el meu momento.

ruxe xente aplaudir. tarán cantando himnos  
e inventando consignas sobre a marcha.  
os nenos brincarán alleis, pro aguardarán el instante  
en que sous padres lles digan  
vide! vide!  
é media tarde. as farolas nun prenderon e  
muitos obreiros inda nun saliron de traballar.  
penso eu: que cousa, non? el mundo con presión nel peto.

53

apóiome contra úa das paredes del salón.

condo a noite empece a chegar, digo eu, esta xente vei  
sentir frío, sería mellor que trouxesen chaquetas.  
a mía mao esquerda xa empeza a ser transparente.  
abro por un momento os ollos e noto como a claridá  
me calenta a testa e as cellas.  
os papos, seguro, xa los terei coloradíos,  
como condo meu pai chorara al verme nacer.

estírome suave, nun quero asustar a quen me tía esperando.  
combino un movemento máis pétreo cun de llama.  
supono que naide me tará vindo inda, a nun ser  
os que trouxeron algún tipo de escaleira ou de poio.  
os que tán embaxo, que será a maioria,  
nun van poder verme hasta que cruce a soleira da casa,  
e eso con sorte, porque el camín que chega á porta  
agora é estreto polas silveiras que nun fun cortando neste tempo.

é el momento, podo deixarme ver.

al erguerme toda a lluz que guardaba dentro estalla en mil colores.  
teño pena polos que nun tuvesen posto lentes axeitados.  
a calor, a explosión, el estoupido  
tuvo que sentirse dende el mar e dende os cordales.  
os meus brazos xa son transparentes de todo.  
salio. poño úa sonrisa pra que todos me vexan seguro.  
destapo os ollos e el sol entra como nunca.

nun hai naide esperándome.

tanto me dá.  
esta mía curación  
é solo relevante pra min.

## IV

aquel arqueto de xigante que xa  
nun compra nas feiras, que  
vei buscar él solo a súa comida nos  
mercados internacionais;

aquel heroe europeo de patillas  
gordas e pulidas, que xa nun xoga al fútbol nin  
ve as series turcas más famosas;

aquel lírico andarín que cruza  
cada día as frescas calles privadas,  
sempre antes que el primeiro autobús  
de co2 ecolóxico.

aquel, sempre aquel, el que  
me chama por teléfono e me dice  
que pra que lo chamo,  
que nin hoi nin mañá vei poder falar comigo.

el que rouba un propietario intrépido,  
el que cambia os focos,  
el que mezcla os mitos clásicos,  
el que venera os venres,  
el que nun recapacita a conciencia certa,  
el que aniquila con voz segura as ganas,  
el que nun fai,  
el que puxa,  
el que nun ve,  
el que oi,  
el que nun sinte.

dámonos cita  
esta noite, amigo, tu e eu, todos nós,  
neste momento tan incesantemente urbano  
e tan incansablemente socialdemócrata  
deste país nel que vivimos.  
pasamos a mao pola calor das nosas inguas e  
agora tamos tan sumidos na nova lluz ou  
na ironía acerba da mocedá pasada  
que xa nun somos quen a reconocer  
el que éramos.

amigo impío, puramente atlántico e  
misántropo, xuez e parte,  
nun te afagas a deixarme más  
tempo solo.

56  
nós, as dúas cachas da mesma navalla,  
habemos a avezarnos a  
ser  
el mesmo  
ser.

V

non solamente pode quitar peso á morte  
quen vei pasar cedo por ella.  
úa vez atravesada esa barreira entre el mundo e lo eterno,  
a potestá pra falar abertamente é absoluta,  
pro, como non,  
todos podemos rir nel filo da gadaña e da tesoiria.

nun podo falar de arrepentimento ou de emendas  
na antesala da mía destrucción.

naide contaba con que despois da recuperación da vista  
me chegase el hora de subir al espacio  
(que é pagán e, por eso, ecuménico).  
eu, que pensaba ser de todo menos efémero,  
fumei, seducín, odieei bastante,  
follei con amigas e amigos,  
dilapidei aforros e ganei el respecto de min mesmo.  
apostatei sen pretendello cos meus actos  
e resucitei en forma de lluz.

57

non solamente pode quitar peso á morte  
quen vei pasar cedo por ella.  
se todos perdésemos el medo final  
(que é pagán e, por eso, ecuménico),  
outros ídolos mandarían.

En diálogo con Rosalía

VI


*en los ecos del órgano, o en el rumor del viento,  
en el fulgor de un astro o en la gota de lluvia,  
te adivinaba en todo, y en todo te buscaba,  
sin encontrarte nunca.*

Rosalía de Castro

58

solicitar un traballo e botar  
a lotería na mesma  
tarde.

fuxir del infinito  
achegándote  
a él.



## Andreia C. Faria

Naceu no Porto, en 1984. Publicou *Flúor* (Textura Edições, 2013), *Um pouco acima do lugar onde melhor se escuta o coração* (Edições Artefacto, 2015) e *Tão bela como qualquer rapaz* (Língua Morta, 2017, Prémio SPA Poesia). En 2019 publicou *Alegria para o fim do mundo* (Porto Editora, Prémio Literário Fundação Inês de Castro), volume que reúne todos os livros anteriores. Em 2020 publicou o conjunto de prosas *Clavicórdio* (Língua Morta), em 2022 *Canina* (Tinta da China, Prémio PEN Clube) e em 2024 *Canto do Aumento* (Sr. Teste, com desenhos de Rita Roque).



### **Espero o golpe**

Depois da extinção seremos fábula,  
holograma, amarga erva  
ou musgo, plantas espetrais,  
tundra sem clamor ou combustiva  
carne, sangue e voz à superfície,  
mas os ossos não fundados nem cristãos,  
sem um cão que os vigie,  
sem um pai que reconheça o rosto  
alastrado noutro rosto  
— a terra lenta e colossal.

Seremos pasto,  
écloga sem canto  
de pastores ou de cativos.

61

Fulvos, brandos, arbustivos,  
falando em insonoras águas  
por sinais como faíscas,

ou da sombra  
disperso, algorítmico pó.

Mas ainda espero o golpe  
que me abata as dimensões —  
três, arteriais, propícias,  
abertas pela fronte como um boi.  
O golpe em que cintile  
o nervo, a flor dos rins desfeita  
a pulso e o cálice dos lábios  
junto à terra e sem arrumação.

## Nesta língua

Há no mundo beleza suficiente, mas uma que confunda os sentidos só agora chega com as cores do fogo. Inventa a noite com o seu estranho brilho, chama as casas para o seu declive, engole o mapa da mais situada pele. É o fósforo, o lume a desfolhar-se, a montanha de respiração oculta, esta cama nua, o detalhe nu do sexo. E se abrimos as janelas entram cinzas, por enquanto de madeira e animais no sono.

Há no mundo o labor excessivo da beleza, o seu produto está por todo o lado. Rostos incuráveis, códigos e dígitos, lítio, tântalo, suplícios minerais. E a fuligem, o pó negro da grafite: a beleza como nota escrita à margem, texto-sombra da destruição. Com os seus anzóis exaustos.

Rasgadas as feições do mundo, abrigo-me em pequenas febres. Nesta língua, por exemplo, em que se saúdam os que vão morrer.

### A mesma escrita

As feridas da terra, as feridas da carne, são fiéis à mesma escrita. Aprendemo-lo com Hiroxima e Nagasaki, nos livros de história, nos velhos filmes de guerra. Aprendemos com Chernobyl, Bikini, venenos embrulhados num qualquer deserto. Sabemos que é possível vê-las, a essas feridas alagadas de um amor indútil, como atalhos que vão dar ao coração.

Voamos à noite em aviões dormentes e é a terra inteira que se oferece ao nosso manto, ao nosso medo como um animal de artérias, derramando cores e luzes em sinal de absolvição.

63

Porque é belíssimo o erro dos homens na terra. Ultimamente, olhando-os, penso naqueles artesãos que cosiam o ventre de reis mortos depois de lhes extrair as vísceras, impondo à carne o definitivo espanto de uma frase, uma cicatriz

\*

Com o rigor do guia turístico  
à sombra dos monumentos poderia descrever  
as coisas que ainda amo.

O calor da roupa ao fim de um dia de uso,  
o interior adocicado e acre dos pombais.  
O coração fresco das igrejas.  
A superfície lenta da beleza.  
Um cão cheirando a sol,  
o cadinho do sol  
perfumando a carne viva.

64

E também a ideia dos trópicos,  
aves prometendo vômito e ternura,  
a gaiola aberta, lassa,  
qualquer coisa sexual na lassidão.

A palavra propulsão e cravos bem temperados.  
As mãos, que envelhecem  
antes que o corpo dê o tempo por perdido.

E das mãos pequenas manchas,  
a velha mímica de semear.  
Mulheres de uma beleza ívia,  
amarga. Olho-as  
como quem experimenta o gosto  
téreo de uma raiz.

\*

Tenho a pedir-vos que não reutilizeis mais nada.  
Este edifício junto à praia, deixai-o  
entregue à ruína,  
às folhas do milho,  
ao ar salgado.

Que as crianças possam tropeçar nas lajes soltas  
e no átrio ecoe, como uma pedreira,  
o desejo de muitas mãos.

Deixai dormir as mariposas dentro de lâmpadas partidas  
e as formigas engrossarem pelos cantos  
como sal.

Não inventeis mais nada,  
nem formas eloquentes de evitar que o bronze oxide.  
Aceitai o suor do tempo.  
Que algumas coisas apodreçam.  
Que os elefantes atravessem a planície.  
Que as veias rebentem  
do esforço de permanecer em pé.

E que nem tudo se sustente como a rosa  
se sustenta de florir.

Deixai, deixai os vários pisos incomunicáveis,  
o desvão ser cortejado pelo giz dos aviões,  
que a lua pouse ali aberto o crânio,  
que lhe bata o sol.

Ainda são precisos os templos  
onde o pó seja gentil  
e incensado  
como os pés pela caruma dos pinhais.

## Descarnação

Até aos trinta anos tens  
a cara que Deus te deu. Depois  
tens a cara que mereces. É uma promessa  
de ironia, uma sentença  
sem recurso.

É-te assim dito:  
estás entregue ao labor íntimo  
do que comes, ao número de horas que dormes,  
àquilo que fazes e sobretudo  
àquilo em que pensas. Deus  
(perdoa-lhe a fraqueza)  
tolera-nos enquanto somos jovens,  
ampara-nos, alisa-nos  
a fronte após um desgosto, talvez  
nos ame, mas deixa-nos  
sozinhos quando a beleza  
é terreno pouco firme

e assiste de longe  
ao desafio temerário que lançou  
a cada filho.

Sabes então que o rosto é uma flor  
plantada no escuro, uma corola  
tenra, redonda e impenetrável  
que desabrocha e se abre  
com as pétalas lisas e brilhantes, ou  
confusas e despenteadas,  
conforme a força  
e a direcção do vento.

\*

Sou a mulher que se mata por amor a ti  
e a mulher por amor de quem se morre  
Sou o rapaz que há como uma água turva  
na mulher por quem se morre  
o bucal húmido do telefone onde ela expia  
pensamentos violentos como plumas  
Sou a pluma que lhe abre os lençóis  
a lasca de madeira sobre a mesa  
a lâmina à espera  
que a nudez dê frutos  
Sou aquilo que fere o rapaz  
e a roupa que o tapa  
Sou o brilho da janela onde a mulher  
se balança

## **Calcanhar**

A alegria de uns sapatos novos  
está na ferida  
que o couro, ainda rígido, impõe ao calcanhar

Aceitamos a marca de sangue,  
a pele elegíaca de cada dia findo

68

Assim o teu olhar fere o poema, deforma-o  
para que morra de um maior rigor

De ti aceito o desmaio, o suplício,  
as coisas mundanas, o seu orifício de dor. Tudo o mais  
  
ofereço à flecha – um corpo liso,  
invulnerável

## Dois poemas para Rosália

### 1.


Dizem que as plantas não falam, mas tu  
fizeste ressurgir a língua,  
a linfa,  
a híbrida beleza quase vegetal. Também a fome  
de louvar a terra, o que o sangue regou,  
as raízes do exílio  
de um povo no mundo, cercado de mundo,  
urdiste em teu embalo para regressar.

Dizem que a pobre e golpeada vida  
dos campos não existe agora, depois de a cantares. 69  
E eu nada tão silencioso escuto  
que as ervas,  
o broto dos mortos no culto dos vivos,  
a terra que tudo aproveita,  
os trilhos onde os pés ainda podem  
germinar.

É uma língua,  
uma linfa,  
uma oficina vegetal  
  
e as mulheres  
depois da refeição recolhem  
as cascas com vagar no avental.

"Abre essa janela que quero ver o mar"

Com a voz quase rasgada pela morte,  
pedias que te abrissem a janela, que querias  
ver o mar. Esse último  
tumulto, esse húmido  
focinho de animal nas tuas têmporas, o mar  
que na Galiza é também ria,  
morraceira,  
lodo de campos perdidos, o mar  
já não podia interromper  
tua atenção. Era  
evidente que a janela já te escurecia,  
que a curva do pescoço para a sede  
já não te habitava. O mar  
eram as árvores quebrando-te a vista,  
o murmúrio dos teus cabelos brancos.  
Fechado nos teus olhos para sempre  
o mar,  
se o mar tem um regaço,  
embalava uma criança que perdeste  
e toda a terna  
compleição da lua atava  
a tua boca moribunda ao canto  
incerto e recidivo das marés.



## Andrea Nunes

Marín, 1984. Vinculou desde os seus comezos a actividade poética ao activismo feminista. *Corrente de esquecemento* (2007) foi o primeiro dos seus libros, editado por Aturuxo (Federación de Asociacións LGBTQ). O seu segundo libro *Todas as mulleres que fun* (2011) foi finalista nos premios AELG. Escribe, convxuntamente con María Rosendo, *Diáspora do amor balea*. Traducida a varios idiomas o seu último libro é unha antoloxía bilingüe galego-castelán *Esta disidencia que habitamos*. Pertence ao colectivo *As Candongas do Quirombo* e á plataforma de crítica literaria feminista A Sega. Foi profesora en diferentes universidades en China, Italia e Galiza.

"Daquelas que cantan as pombas e as flores  
todos din que teñen alma de muller,  
mais eu que non as canto, Virxe da Paloma!

De que a terei?  
Rosalía de Castro

Aquí vos fala un monstruo,  
unha rare,  
o corpo extenso, mórbido, redondo  
un desexo explícito  
aquí as marxes  
pero ti podes chamarlle se queres  
integridade

Aquí fala a monstrua,  
a fea, a peculiar, o extraño,  
unha rede aberta de posibilidades  
e si, *soc le rare.*

A carta do marqués de Queesberry  
a John Douglas no 1894,  
un darrle a volta,  
ou reapropiarse.

Aquí os lapsos, os solapamentos,  
as ausencias, os excesos  
unha lingua dada á volta,  
que lame estrías, lame cicatrices

Aquí vos fala a non desexada,  
a sinalada, a precaria  
a muller barbuda tomando o sol,  
fálavos a filla da nai solteira,  
fálavos un resignificado  
do monolítico.

73

Son es outros  
frente a sociedade respetable,  
a promiscua, o marxinal,  
eminente mente queer,  
salvaxe,  
ou como decirvos, querides?  
**A indomable.**

[*Esta disidencia que habitamos, 2023*]

Porque esta Matria contrúese  
logo de perder o medo,  
logo de me confesar impune,  
logo de te querer até a saciedade e áinda

Constrúese deconstruíndonos.  
e berrando *que somos eucaliptas!*

Fíxose da terra que nos dá de beber  
e mailo mar que nos rouban.  
(Nunca Máis, mais unha vez)

Das árbores que medran no patio traseiro  
e velaí esta mescolansa de pretéritos e vontades,  
este ser incondicional,  
esta revolución sen «r».

74

e tornarse Matria este fogar entre versos que posúe algo más  
ca sonoridade característica,  
algo más que o feito de ter lingua  
(e utilizala)

algo así como lamber a pel  
e sentir o sabor do atlántico  
e deixar o sincrónico para despois da cea

Isto é;  
algo así como unha,  
que é más veces outras,  
que ela mesma.

[*Todas as mulleres que fun, 2011*]

*Insubmisión*  
«pour femme»  
Chus Pato

Fatma Allou, Habiba Djahnine,  
Sojourner Truth, Frances Harper  
Fadela amara, Bell Hooks, Alice Walker  
Ann Douglas, Tania Modleski,  
Andrea Dworkin, Susie Orbach,  
Chandra Talpade Mohanty,  
Nawal Saadawi, Fatima Mernissi,  
Daughter of Bilitis, Betty Friedan,  
Simone de Beauvoir, Sulamith Firestone,  
Gail Chester, Vandana Shiva, Alexandra Kollontai,  
Hélène Cixous, Germaine Greer  
Kate Millet, Julia Kristeva, Wangari Maathai  
Ann Oakley, Nancy Chodorowm,  
Adrienne Rich, Mary Daly, Rachel Spegh,  
Cristina de Pisán, Rosalia de Castro  
**e agora ti.**

75

[*Todas as mulleres que fun*, 2011]

## Avión 1

Escoitar tanto falar os avós e as avoas  
da emigración,  
das moitas e moitos que chorando marcharon,  
estudar nos libros de historia esa perda,

76

e agora,  
*adiós ríos, adiós fontes,*

recoñecerme migrante  
eu,  
por **terrorismo de estado.**

## Ira

Non é a liberdade que gozas, por suposto,  
ao camiñar por San Francisco,  
nin o deterte para logo continuar,  
após ese mural na casa das mulleres.

Nin que atraveses ese barrio da liberdade sexual  
correndo  
porque queres chegar pronto a libraría *City Lights*,  
a soñar coa *Xeración Beat* e os seus excesos.

77

É iso que te apresa no estómago e  
se fai nó na gorxa mentres escoitas  
a unha nai dicirlle ao seu fillo:  
*Look Jon, this is a fat woman*

[*Esta disidencia que habitamos, 2023*]

## **As exiliadas**

As exiliadas somos moitas  
e estamos en todas partes,  
falamos en linguas que non son as nosas  
e mordémonos esa lingua cada vez que pronunciamos “再见” (zàijiàn)  
“arrivederci” ou dicimos “jérëjéf”.

Se alguén nos pregunta negamos coa cabeza  
e dicimos mentiras  
porque é difícil explicar o que doe pechar unha outra porta,  
ou soltar (sempre soltar)  
e comenzar de novo notras rúas,noutros mares ou noutros afectos.

As veces, mostramos as nosas cicatrices ao mundo  
e vésenos nesas marcas  
o peso da vida  
Nelas reconhecemos o frio xélico do inverno na Manchuria  
unha caída en bicicleta no sur de Europa,  
unha malaria na calor de Guinea Bissau  
ou o momento en que lle dis adeus a un amor na estación de Coyoacán.

E trozamola lingua  
e encóllesenos o peito,  
pero seguimos.

Seguimos áinda que ninguen sabe o que levamos na maleta,  
nin tampouco o momento en que cuspimos no chan das fronteiras  
E reconhecemos privilexios  
(ou a falta deles)  
Na diáspora, as voces das nosas nais  
poden facernos chorar iodo  
e que nun microsegundo percorras o caminho imaxinario  
até chegar a casa.

Pero na diáspora, non sabes ben onde é casa.  
Da igual o número de anos que pases fora,  
como percorras esas rúas, e cantes esas cancións, comas esas comidas,  
Importa pouco como pronuncies “maison”, “home”, “casa mia”  
decátaste sempre de que nunca,  
nunca é fogar,  
e ti sempre,  
sempre serás  
estranxeira.

79

[*Esta disidencia que habitamos, 2023*]

A Begonha Caamanho, nosa valente.

### **De Circe a Penélope (ou viceversa)**

Que te *astilles* enteira no medio das minhas pupilas  
que resoén as letras do teu nome no meu padal  
que as túas palabras fagan cráter no centro do meu corpo  
que se faga pandemia esta disidencia que habitamos

xa ves,  
isto é como quen morde unha froita  
e se perde entre sons guturais, melodías varias  
ou precipicios

como sería que un día, ebrias de saudade,  
saísemos destas linhas e bailásemos?

Sería como reconhecer o teu olor derramándose  
no ronsel que deixa a túa escrita  
aterrar na túa cama  
e que unha avalancha nos tornase mudas  
neste pracer inmenso do azul  
*minha senhora.*

[*Esta disidencia que habitamos, 2023*]

## Faíscas

os corpos agora son simplemente ideas  
corcovados latexan e senten  
pero descoñecen a indecisión e o abismo  
desde a necesidade escribo  
e é con ela que abro portas  
piso as rúas destapo botellas  
e rompo en faíscas  
dicierte na distancia sen categorías nin nome  
cabalgar a noite a soildade outras peles que non son a túa  
e así fiar alianzas reinventar o erotismo  
nas miñas mans  
entras ti e sae a rabia  
entras ti e sae o medo  
entras ti e caen muros  
ti e borras fronteiras  
en cada parte desta pel que me envolve  
sentir a túa lingua  
é sinónimo de liberdade  
quiero xa arderme fronte a ti  
e que me ardias

## Palestina libre

Crecín con varios *pósters* na miña habitación,  
fronte a o mural dos ponis de cores  
e o arco da vella xigante que o meu avó  
debuxara para min no meu cuarto cumpreanos.

Na adolescencia, mentres *Take That* e *Spice Girls* na casa das amigas  
eses catro cartaces mirábanme fixamente aos ollos:  
Un era a foto daquel estudiante diante dun tanque na praza de Tíannamen, en  
Pequín.

Outro o das catro caras do Che que fixera o sindicato da CIG e me trouxera  
miña nai.

O terceiro era aquel onde había 3 ou 4 mulleres con burkas e o lema:  
*Una flor para las mujeres de Kabul*

e o cuarto era un coa bandeira de Palestina que puña: *Free Palestine*.

82

Os catro acompañáronme o longo da miña vida, dun ou doutro xeito.

Acabei traballando na República Popular de China. Sete anos.  
A primeira vez que pisei a praza de Tíannamen, chorei.  
Lembro pedirlle a unha rapaza que por alí estaba  
que me sacase unha foto dándolle eu un bico ao chan  
para mandarlle a miña familia,  
e ela, escandalizada, dicíame que ao chan non,  
“o chan non, que áinda está suxo”.

As catro caras de Ernesto Guevara, fóreronse borrando co paso dos anos,  
atravesei o marxismo ate chegar a un -ismo que englobaba todo mellor,  
aquele “hasta la victoria siempre” converteuse nun “Ata que todas sexamos  
libres”.

Recordo as conversas sobre Rojava con Sepher, o meu amigo  
e compañoiro de piso iraniano,

o cuarto onde coñecín grazas a el  
a Ilmira, afgá feminista,  
e como ulía a incenso e ás bolsas xigantes de pistachos  
que comíamos.  
Faleille do póster da infancia, e respondeume sorprendida,  
que elas non querían flores, so plantar o que a elas lle petase.

Lembro ir a casa de Teresa,  
e do póster da súa viaxe por Palestina que encabezaba a sala  
os poemas que nos pasábamos de Razeef Ziadah e repetirmos o "We teach live,  
sir"  
unha e outra vez  
Anos despois, estiven a piques de solicitar unha residencia para ir a Palestina.  
mais deixeino para outro ano, con mais enerxía e mais cartos.  
Agora é imposible.

83


Seguimos berrando Free Palestine,  
seguimos precisando deses cartaces para nos lembrar  
o horror, a masacre, o engano.  
(tamén a resistencia).

Pregúntome se precisaremos eses cartaces durante toda a vida,  
se haberá un día que por fin os eliminemos, os podamos esquecer.

Como parar tanques, como plantar as flores que queremos?  
Como ser libres e loitar fronte o fascismo?  
Cando ese chan deixará de estar suxo  
e a Nakba volver a pisar o seu propio?  
Como, dime ti,  
como seguir escribindo  
despois de Gaza?

[Inédito]





## Bernardo Atxaga

Nado en Asteasu en 1951, o seu verdadeiro nome é Jose Irazu Garmendia. Entre os seus libros, escritos orixinalmente en eúscaro, destacan *Obabakoak*, (1989, Premio Euskadi, Premio Nacional de Narrativa), *O home só, O fillo do acordeonista* (Premio Grinzane Cavour e Premio Mondello), *Sete casas en Francia, Días de Nevada, Casas e tumbas, Desde o outro lado e Exteriores do paraíso*. Premio Cesar Pavese de poesía (2003), Premio Nacional das Letras Españolas (2019), Premio LIBER (2021) e Premio Ostana (2023). A súa obra foi levada ao cinema e ao teatro, e pode lerse en 36 linguas. É membro da Academia da Lingua Vasca (Euskaltzaindia) desde o ano 2006.



### Lembranza de Rosalía de Castro

Fun convidado á entrega do premio Príncipe de Viana ao escritor Pablo Antoñana, acto que prometía ser algo extravagante por máis dunha circunstancia. A primeira, que ía celebrarse na basílica barroca de San Gregorio Ostiense; a segunda, que o edificio estaba situado no quinto inferno, no alto dun outeiro solitario, e non era de acceso doado; terceira, que o homenaxeado, irreductible polemista, persoa non grata para moitas autoridades navarras, non cadraba nada naquel piadoso marco. Así e todo, veu moita xente, de Navarra e do País Vasco, e custou bastante axeitar a todos e facer que calaran. Entón, dez segundos despois de que se fixera o silenzo, un coro cuxa presenza me pasa desapercibida entoou unha canción: "Cando penso que te fuches, negra sombra que me asombras...". Só o instante é eterno. Coñecía o poema, léao por primeira vez no Bacharelato, mais alí, na basílica barroca de San Gregorio Ostiense, mercede ao lugar, á sorpresa, ás voces do coro, á melodía de Juan Montes, commoveume ata a médula.

## Lete

Zeinek esan behar zigun guri, Lete,  
trumoia bezala ibiltzen hintzen hori,  
denaizar kizkur eta ile kalpar  
eta oihuka, Txano Gorritxori deika  
benetako Otsoa uh uh uh uh uh  
hik herorrek ematen huela...

Zeinek esan behar zigun hari bat,  
urrezko hari bat zela hire muin,  
armiarma sareetakoa bezain mehe,  
eta hari horrekin, urregin batek bezala,  
urreginaren esku eta gai aldi berean,  
hire heriotzarako azken 5.000 egunak  
josি behar hituela poliki-poliki  
harik eta dena amaitu arte.

Lore artean ikusi hindugun etzanda.  
*In manos tuas, Domine.*

Lore artean hengoen etzanda  
leiho handiko gelatxo batean,  
eta inguruan adiskideak,  
batzueta urduri barrezka.  
Gizon gazte bat, xuxurlaka,  
hire liburu bat irakurtzen ari zuan  
otoitzean bezala.

Neska batek, hirekin behin  
Alkizako errepidean egokitu  
eta Heriotzaz hitz egin zuenak  
hala nola baserritar batek  
beste baserritar batekin

[Traduccíons  
do euskara de  
María Ramos  
Salgado.  
v. páx 109]

## Lete

Quen nos ía dicir a nós, Lete,  
ti que andabas coma o tronido,  
feito enteiro de barba crecha e guedellas,  
ti que berrando, chamando a Carapuchiña Vermella  
semellabas o verdadeiro Lobo uh uh uh uh uh...

Quen nos ía dicir que un fío,  
un fío de ouro era o que levabas por dentro,  
tan fino como os das teas de araña,  
e que con ese fío, coma un ourive,  
man e materia do ourive ao mesmo tempo,  
tecerías paseniño, paseniño,  
os derradeiros 5.000 días da túa morte  
ata que rematou o fío e todo o demais.

Vímoste deitado entre flores.

*In manos tuas, Domine.*

89

Estabas deitado entre flores,  
nun cuarto de grandes fiestras,  
cos amigos preto  
e rían ás veces, nerviosos.  
Un mozo, entre murmurios,  
lia un dos teus libros  
coma se rezase.  
Unha moza, coa que te atopaches unha vez  
camiño a Alkiza  
e que che falou da morte  
como falan doux granxeiros  
do tempo ou da feira,

eguraldiaz edo azokan ikusitakoaz;  
neska hark, Lete, negar egiten zian hiregatik,  
eta beragatik, eta denongatik.

Joan egin ninduan  
jende artetik kale bakartira:  
neguko arrats isilean  
uhuriak sentitu nizkian,  
uhurika ari zuan otso bat  
uh uh uh uh mendian.

Joan ninduan mendira,  
sartu ninduan basora,  
Otsoa hizketan hasi zuan:  
"Zertan da Xabier Lete lehena?".  
Lore artean etzanda hengoela  
esan nioan, 5.000 egunen buruan  
bake-bakean ematen huela.  
Eta urregina ere aipatu nian,  
5.000 egun haienurreaz  
argitasun bat sortu zela aretoan.  
"Eta jenderik izan al du?",  
galdetu zian uh uh uh Otsoak.  
"Aretoa beteta zegoan", erantzun nioan.  
"Inor mozkortu al da?", berak.  
Eta ezezkoa eman nionean:  
"Xabier Lete Lehenak ez dik beraz  
ardotan gastatu nahi izan!".  
Eta jarraitu zian Otsoak, hasperen eginez:  
"Errebindikatu al du inork ezer?  
Baliatu al da inor aukeraz,  
demagun, euskararen ofizialtasuna  
Obanosen edo Zangozan eskatzeko?".  
Zer esan ez nekiela gelditu ninduan.

esa moza, Lete, choraba por ti,  
e por ela, e por todos.  
Marchei de entre a xente,  
saín á rúa solitaria:  
na silenciosa tarde de inverno  
sentín os ouleos,  
os ouleos dun lobo  
uh uh uh que andaba polo monte.

Marchei cara o monte,  
metinme no bosque,  
o Lobo comezou a falar:  
«Que é do Xabier Lete Primeiro?». 91  
Díxenlle  
que estabas deitado entre flores,  
que semellabas en paz  
tras 5.000 días.  
E tamén lle falei do ourive,  
e que co ouro deses 5.000 días  
iluminouse a estancia.  
«E foille xente?»  
preguntoume uh uh uho Lobo.  
«Non podía entrar ninguén máis», respondinlle.  
«E emborrachouse alguén?», engadiu.  
E cando lle dixen que non:  
«Ou sexa que Xabier Lete Primeiro non quixo  
gastar en viñol!»  
E seguiu, tras un suspiro:  
«Reivindicou alguén algo?  
Houbo quen aproveitase a oportunidade,  
por exemplo, para pedir  
que o éuscaro sexa oficial  
en Obanos ou en Zangoza?».

Otsoak uh uh uh barre algara egin zian.  
"Zein haiz hi, ordea?, galdu nioan.  
Eta berak, "Ni? Xabier Lete Bigarrena!"  
Astebete geroago han ninduan ostera,  
mendian, basoan, Otsoarekin.  
Esan nahi baita Xabier Lete Bigarrenarekin.  
Hire heriotzaren inguruko mezak,  
hitzaldiak, artikuluak aipatu nizkioan,  
eta hire zenbat kanta jarri zituzten irratian.  
Bera ere kantari hasi zuan orduan,  
trumoi ahotsez, denaizar kizkur eta ile kalpar:  
"Etxetikan lanera noa nahiko mantso,  
Realak cuatro-uno galdu zuen atzo".  
"Ba, jakin ezak –moztu nioan–  
Realaren partiduan minutuko isilaldia  
egin zutela Xabier Lete Lehenaren omenez."  
Eta esan zian berak: "Ba, jakin izatera,  
Uh uh uh uh, irabazle jarriko nian,  
Realak cuatro-uno irabazi zuen atzo,  
eta hor konpon neurriak eta neurri-ondoak".  
Konturatu ninduan orduan Otsoa eta hi,  
5.000 egun urezko hariz jositakoa,  
bat zinetela, auskalo nola.

*In manos tuas, Domine,*  
zure eskuetan, Jauna...  
Mikel Laboa gogoan hartu  
eta hire azken liburuko  
187. orrialdeko poeman  
*in manos tuas, Domine* irakurtzean,  
hunkitu egin hintzen, Lete.  
Eta ulertzen haugu,  
nola ez haugu ba ulertuko?

Non souben que responderlle.  
O Lobo uh uh uh riuse de min.  
«Pero ti, ti quen es?», pregunteille entón eu.  
«Eu? Eu son Xabier Lete Segundo!».  
Pasou unha semana e volvín  
ao monte, ao bosque, onda o Lobo.  
Ou, se se quere, onda Xabier Lete Segundo.  
Faleille das misas que se fixeron por el,  
das charlas, dos artigos que se escribiron,  
e díxenlle que na radio soaron  
algunhas das súas cancións.  
Entón el tamén se puxo a cantar,  
con voz de tronido, coa súa barba crecha e guedellas:  
«Da casa ao traballo vou sen correr,  
a Real cuatro uno onte foi perder».  
«Pois tes que saber —corteino eu—  
que no partido da Real fixeron un minuto de silencio  
en recordo de Xabier Lete Primeiro».  
E díxome el: «Se mo dixeses,  
uh uh uh uh, diría que gañou!  
"A Real cuatro uno foi onte gañar",  
e déixateme de medidas dos versos!».  
Decateime entón que o Lobo e ti,  
que estabas cosido co fio de ouro de 5.000 días,  
erades un, quen sabe como.

*In manos tuas, Domine,*  
nas túas mans, Señor...  
Ao lembrar a Mikel Laboa,  
ao ler nun poema da páxina 187  
do teu derradeiro libro  
*in manos tuas, Domine,*  
emocionácheste, Lete.  
E comprendémoste,

Gu bezalakoak, herri ttikietako umeak,  
idiak beren gurdiekin kale nagusitik  
pasatzen ziren garaian jaioak,  
behiei begira egoten ginenak  
hiltegira zeramatatzenean  
soka batez lotuta kale nagusi hartatik beretik,  
eta haiak harri pinporrean utzitako pustilletan  
txorientzako zepoak jartzen genituenak,  
guk, gu bezalakoek, herri ttikietako umeek,  
bihotzean itsatsita zeramaagu Beste Leku hura,  
harrizko murru sendoek babesten zutena,  
non nahasten ziren intsentsuaren eta ezkoaren  
usaina, eta batzuetan baita arrosarena ere;  
non ontziak urrezkoak ziren, non hizkuntza  
Virgiliorenaren berbera zen, *in manos tuas, Domine...*  
Nola ez haugu ba ulertuko?

94

Beste Leku horretan nahi izan huen  
hire 5.000 egun haien azken jostura egin,  
eta zer poza izango zen hiretzat,  
egia bada hik herorrek,  
Xabier Lete Lehen horrek,  
sinisten huena,  
zer poza izango zen hiretzat  
dena loez inguratua egotea,  
eta soinujolea doi-doi jotzen,  
eta urrezko hari bat airean:  
“Izotz-ondoko eguzki,  
neguaren barre...”.

Ulertzen haugu. Nola ez, ba?  
Baina hik ere ulertu beharko duk,  
eta ez bakarrik otsailean ari naizelako,  
Otsoaren alde jartzea,

pois como non te imos comprender?  
Pois como non te imos comprender  
nós, os rapaces das aldeas,  
os que nacemos cando pola rúa subían  
os bois tirando dos carros,  
os que mirabamos cara as vacas  
que levaban ao matadoiro,  
atadas cunha corda,  
subindo por esa mesma rúa,  
os que puñamos cepos para paxaros  
na bosta que esas mesmas vacas deixaban nas pedras,  
nós, os que son coma nós, os rapaces das aldeas,  
levamos no corazón ese Outro Lugar,  
protexido por fortes muros de pedra,  
onde se mesturaba o cheiro do incenso e da cera,  
e tamén, en ocasións, o da rosa;  
onde os recipientes eran de ouro, onde a lingua  
era a mesma cá de Virgilio, *in manos tuas, Domine...*  
Como non te imos comprender?

Quixeches dar nese Outro Lugar  
a derradeira puntada dos teus 5.000 días,  
e sei que a túa ledicia sería grande,  
se é certo o que ti,  
Xabier Lete Primeiro,  
crías,  
a túa ledicia sería grande, pois,  
ao saber que todo estaba cheo de flores,  
e que o acordeonista tocaba amodiño,  
e que voaba un fío de ouro:  
«Sol que ves tras o xeo,  
risa do inverno...».  
Claro que te comprendemos, como non?

eta egloga bat bezala hasi den gorazarre hau,  
"Zeinek esan behar zigun guri...",  
demandea bat bezala bukatzea:  
Gure artean bizi behar baduk,  
ez hadi izan bakarrik  
Xabier Lete Lehen;  
egunak zeuzkaagu aurrean,  
100, 500 edo 20.000,  
denak bizi beharrekoak,  
eta bizitzeko uh uh uh uh  
Otsoa ere behar diagu;  
behar diagu Xabier Lete Bigarrena,  
Lehenarekin bat zena, auskalo nola.

Pero ti tamén terás que comprender,  
e non só porque che falo en febreiro,  
que me poña da parte do Lobo,  
e que esta homenaxe que comezou como unha égloga,  
«Quen nos ía dicir a nós...».  
remate como unha demanda:  
Se tes que vivir entre nós,  
non sexas só  
Xabier Lete Primeiro;  
temos días por diante,  
100, 5.000 ou 20.000,  
ímolos ter que vivir todos,  
e para vivilos uh uh uh uh  
cómprenos tamén o Lobo;  
cómprenos tamén Xabier Lete Segundo,  
que é tamén o Primeiro, quen sabe como.

## **Heriotza umeen arabera**

### **I**

Hegaldiak zortzi ordu iraun zuen, eta ia beste bi behar izan genituen maletak jaso eta gure bila etorritako autoa hartzeko. Umeak nekatuta zeuden, eta gazteenak segituan hartu zuen lo. Zaharrenak ordea ez. Isil-isilik zihoan, baina begirik itxi gabe. Eta hala segitu zuen gure jomugara iritsi ginenean ere. Galde egin genion azkenean, kezkaren bat ote zeukan. Berak baietz egin zuen buruarekin. "Ez ditut ikusi. Hainbeste denbora zerutik barrena, eta ez ditut ikusi", esan zuen. "Zein ez dituzu ikusi?", galdetu genion. "Pertsonak", esan zuen. "Zein pertsona?". "Hildakoak".

### **II**

98 Desertutik gindoazen, inor gabeko errepeidean. Kolore gorriztako lautadan, harkaitz are eta gorriagoak ernetzen ziren, batzuetan dorreak ematen zutenak eta bestetan orratzak. Zerua urdin zegoen.

Umeei esan genien paisaia bakana zela, guretzat erabat berria, eta begiratzeko leihatilatik. Begiratu zuten, baina, umeek ohi bezala, kontenplazioari segundo bakar batzuk eskainiz. Handik gutxira, lagunarteko zein familiako hainbat izen aipatu genizkien, zenbat gustatuko zitziaekeen haiei munduaren eremu urrun hartan gurekin ibiltzea: "Harritu egingo lirateke holako desertu batekin. Begira zein izugarria den. Ez zaio bukaerarik sumatzen".

"Ignacio gurekin egotea, horixe gustatuko litzaidake niri", esan zuen ume gazteenak. Urtebete lehenago hildako bizilaguna zeukan gogoan.

## A morte segundo os nenos

### I

O voo foi de oito horas, e cumpríronnos outras dúas para recoller as maletas e subir ao coche que viña buscarnos. Os rapaces estaban cansos, e o máis novo durmiu decontado. O máis vello non. Ía caladiño, pero non pechaba os ollos. E así foi ata que chegamos ao noso destino. Acabamos por preguntarlle se tiña algunha preocupación. Dixo que si cun aceno da cabeza. «Non os vin. Tanto tempo no ceo, e non os vin», dixo. «A quen non viches?», preguntámoslle nós. «Ás persoas», respondeu. «Que persoas?». «Ás que morreron».

### II

Iamos polo deserto, por unha estrada baleira. Nunha chaira avermellada medraban penedos áinda más vermellos: algúns semellaban torres, outros semellaban agullas. O ceo era azul.

99

Dixémoslles aos rapaces que a paisaxe era única, amais de completamente nova para nós, e pedímoslles que mirasen pola fiestra. Mirar miraron, pero como fan a miúdo os rapaces, non lle dedicaron moito tempo á contemplación. Ao pouco, falamos dalgúns familiares e amigos, de canto lles gustaría estar canda nós por eses recunchos tan afastados deste mundo: «Ficarían moi sorprendidos cun deserto coma este. Mirade que impresionante é. Non se divisa onde acaba».

«O que me gustaría a min sería que Ignacio estivese canda nós», dixo o máis novo. Pensaba nunha persoa que morreu un ano atrás.

Ados etorri ginen besteok, eta batez ere beste umea, zaharrena. Halere, eranskin bat ezarri zuen ikasitako ipuinaren arabera: "Ignacio zeruan dago, eta nik uste ondo egongo dela. Ez du sentituko paisaia hau ikusteko premiarik".

Autoaren aurreko eserlekuetan gindoazenok indartu egin genuen ikuspuntu hura, eta Ignacioren bizitza luzea aipatu genuen, eta berriro ere, metaforaren abantailaz baliatu eta azalpenak ekidinez, zerua: "Ez hartu penarik. Hura oso pozik egongo da zeruan".

"Ez dakit, ba -erantzun zigun ume gazteenak-. Ez zait iruditzen altura horretan oso gustura egongo denik".

### III

100

#### **Ainhoak, bost urteko neskatoak, Katyren heriotza argitzen dio bere euskarazko irakasleari**

"Benetan nahi duzu esatea, bai, benetan nahi duzu esatea Katy zein zen, bai? ...Ba zuk ezagutzen duzu etxe handi bat eta ate berdea, eta zapateria bat eta emakume lodi-lodi bat beti soineko beltzarekin eta horrela, eta ez al dakizu nola dagoen bide bat eta dena harriz betea eta nola beste bide ttikiago bat ere badagoen, eta gero ibaia eta arrainak, eta txalupa asko, bai? Badakizu hori? Hor bizi al zara zu? Ba hor bizi bazara ikusiko zenuen Katy, oso kontent jartzen zen inor, inor bai inor, edozein ikusita jartzen zen kontent, oso tuntuna zen, ez al dakizu nola ras ras mugitzen zuen isatsa, bueno, ba gero izugarri hazi zitzaison tripa eta gero ospitalera eraman zuten eta amak esan zuen hori alferrik da, eta horregatik hil zen Katy, eta zuk igual, igual ikusi zenuen funerala baina nik ez nuen ikusi, maistrak ez joateko esan zuen, maistrak esaten du zakurrak ez direla klaseko ume ttiki hura bezala, ez al dakizu nola plaian ito zen, Bilboko edo Frantziako edo ez dakit, baina plaian ito zen mutiko hura, eta tripa puztu zitzaison Katyri bezala, eta horregatik hil zen Katy".

Os demais démoslle a razón, sobre todo o outro rapaz, o máis vello. Pero engadiu unha cousa que aprendeu nun conto: «Ignacio está no ceo, e eu penso que está ben alá. Non lle fai falla ver esta paisaxe».

Os que iamos nos asentos dianteiros do coche mostramos o noso acordo, e falamos do longa que foi a vida de Ignacio, e aproveitando a vantaxe que nos deu a metáfora para evitar explicacións, tamén falamos de novo do ceo. «Non hai que estar triste. El está moi feliz no ceo».

«Pois eu non estou tan seguro», respondeunos o máis novo. «Non me parece a min que poida estar moi a gusto nesa altitude».

### III

#### **Ainhoa, unha nena de cinco anos, explícale a morte de Katy á súa profesora de éuscaro**

101

«De verdade, de verdade queres que che diga quen foi Katy? Si? Pois mira, ti sabes que hai unha casa grande, e hai unha porta verde, e unha zapatería e unha muller moi grossa, moi grossa que sempre vai cun vestido negro e así, e sabes que hai un camiño e está todo cheo de pedras e tamén hai outro camiño más pequeno, e despois o río e os peixes, e moitas barcas, verdade? Iso xa o sabes, non? Ti vives aí? Pois se vives aí verías a Katy, púñase moi contenta se vía a calquera, si, si, a calquera, a calquera, era un pouco parviña, non sabes como movía o rabo ras ras, ben, pois despois empezou a medrarlle moiísimo a tripa e despois levárona ao hospital e mamá dixo que non ía servir para nada, e por iso morreu Katy, e ti se cadra, se cudra viches o funeral pero eu non o vin, a profesora díxome que non fose, a profesora di que os cans non son como o meniño ese da clase, non sabes, que afogou na praia, en Bilbao ou en Francia ou non sei onde, pero o neno afogou na praia, e inchóuselle a barriga como a Katy, e por iso morreu Katy».

**Clementine**  
**(Herio, ez harrotu, beti ez duzu irabazten eta)**

Laurogei edo laurogeita bost urteko andreak  
cowboy sonbreiru gorriekin janzten hasi zirenetik,  
Heriotzak makalagoa dirudi, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

Eta sonbreiru gorriarekin alkondara gorri bat  
zilarrezko botoiekin, eta txaleko estu-estua  
lore estanpatu handiekin, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine.

102

Eta bota takoi-luzeak, eta cowboy galtzak,  
eta gerriko bat sendoa Colt berrogeita bost  
nakaratuari eusteko egoki, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine.

Eta begiak urdinak eta ilea zuri, eta zaldia  
atarian, edo agian ez, eta saloi barruan musika,  
eta sonbreiru gorria airean gora, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine.

Eta Heriotza gordeta biolinjolearen atzean,  
eta zu dantzan zure takoi luzeko botekin,  
biolinjoleari agur eginez eskuaz, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine.

### Clementine

(Morte, non te poñas arrogante, pois non sempre gañas)

Dende que as mulleres de oitenta ou oitenta e cinco anos  
comezaron a vestir sombreiros vermellos de cowboy,  
a Morte non dá tanto medo, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

E co sombreiro vermello tamén unha camisa vermella  
con botóns de prata, e un chaleco moi, moi preto  
cun estampado de grandes flores, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

E botas de tacón alto, e pantalóns de cowboy,  
e un cinto ben forte, o perfecto para ter man  
da anacarada Colt corenta e cinco, Oh my darling,  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

E os ollos azuis e o cabelo branco, e o cabalo  
na porta, ou se cadra non, e dentro do saloon a música,  
e o sombreiro vermello voando polos aires, Oh my darling,  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

E a Morte agochada tralo violinista,  
e ti bailando coas túas botas de tacón alto  
saudabas coa man o violinista, Oh my darling,  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

Eta segaren punta biolinaren gainetik ageri,  
sonbreiru gorria jiraka dabil oraindik,  
eta pieza hau bukatzera doa, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine.

Azkarra da Heriotza bere sega erabiltzen,  
baina azkarragoa zu Colt nakaratua ateratzen,  
eta duelua zuk irabazi duzu, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine.

Biolinjolea kantari hasi da, Oh my darling,  
Oh my darling, Oh my darling Clementine,  
baina zu eseri egin zara zure sonbreiru gorriarekin  
nekatuxea zaudelako, oh my darling Clementine.

104

Heriotza ihes joan da saloiaren atzeko atetik,  
esan ohi den bezala hautsa du gaurkoan irentsi,  
eta dena zuri eskerrak, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

Laurogei edo laurogeita bost urteko andreak  
cowboy sonbreiru gorriekin janzen hasi zirenetik,  
Heriotzak makalagoa dirudi, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

E a punta da gadaña asoma polo violín,  
o sombreiro vermello áinda dá voltas,  
e esta peza está a piques de rematar, Oh my darling,  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

É rápida a morte usando a súa gadaña,  
pero ti áinda más sacando a Colt anacarada,  
e ti gañas o duelo, Oh my darling,  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

O violinista comeza a cantar, Oh my darling,  
Oh my darling, Oh my darling Clementine,  
pero ti sentas co teu sombreiro vermello  
porque estás algo cansa, oh my darling Clementine.

105

A Morte fuxe pola porta traseira do saloon,  
como di a xente, hoxe mordeu o po,  
e todo grazas a ti, Oh my darling,  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

Dende que as mulleres de oitenta ou oitenta e cinco anos  
comezaron a vestir sombreiros vermellos de cowboy,  
a Morte non dá tanto medo, Oh my darling  
Oh my darling, Oh my darling Clementine!

## Bizitza bizitza da

Bizitza bizitza da  
eta ez bere emaitzak.

Ez mendi baten gailurrean  
eraikitako etxe sendoa  
edo etxe horretako apaletan  
kokaturiko koroa eta dominak,  
urrezkoak edo urre itxurakoak.  
Ez hori bakarrik bizitza.  
Bizitza bizitza da.

Ez hiri edo nazio urrunetara  
egindako bidaia alaiak,  
eta urrutি horietan ikusitako  
haur, andre eta gizon bitxiak,  
ondo edo gaizki fotografiatuak.  
Ez hori bakarrik bizitza.  
Bizitza bizitza da.

Ez euriaren hotsa sabaian  
edo kazkabarrarena leihotan,  
ez elurra, ez ilargi isila,  
ez argia bera ere, zoragarria,  
uda berokoa edo negu hotzekoa.  
Ez hori bakarrik bizitza.  
Bizitza bizitza da.

Ez andre hori edo gizon hura,  
belarriira xuxurlka ari zaiguna,  
ez seme-alabak, ez lagunak,  
ezta gurasoak edo anai-arrebak ere,  
jatorrizkoak edo guregana bilduak.  
Ez hori bakarrik bizitza.  
Bizitza bizitza da.

## A vida é a vida

A vida é a vida  
e non os seus resultados.

Non é só a casa forte  
feita na punta dun monte  
ou as douradas coroas e medallas  
postas nas baldas desa casa.  
Non só iso é a vida.  
A vida é a vida.

Non é só as boas viaxes  
feitas a cidades ou nacións afastadas,  
e os nenos, mulleres e homes peculiares  
que se viron nelas,  
mellor ou peor fotografados.  
Non só iso é a vida.  
A vida é a vida.

107

Non é só o son da chuvia no tellado,  
ou a pedra contra as fiestras.  
Non é só a neve, ou a lúa calada,  
non só a mesma luz, marabillosa,  
do quente verán ou do frío inverno.  
Non só iso é a vida.  
A vida é a vida.

Non é só esa muller ou ese home  
que nos fala á orella,  
nin fillos e fillas, nin amizades,  
nin pais, nais, irmáns e irmás,  
propios ou traídos.  
Non só iso é a vida.  
A vida é a vida.



## **Responsables das traducións**

### **María Ramos Salgado**

[Traduce a Bernardo Atxaga]. Nace en Irun en 1998 e estuda Traducción e Interpretación na Universidade Pontificia de Comillas, recibindo a Bolsa de Excelencia da Comunidade de Madrid e Premio Extraordinario da súa promoción. Traduce desde o inglés, francés, euskara, galego e español como linguas de orixe, co euskara, galego e español como linguas meta. É membro de ACE Traductores, Asetrad e Cedro.

109

### **Jesús Castro Yáñez**

[Traduce a Pol Guasch]. Nado na Pastoriza en 1992, é autor dos libros *Os nomes e os himnos* (Espiral Maior, 2016) e *Ultramarino* (Chan da Pólvora, 2017). Como tradutor editou a antoloxía de poesía LGBT+ *Campo de plumas* (Sushi Books, 2021), primeira antoloxía en galego con ese enfoque e tamén a primeira vez que poemas de autores como Elizabeth Bishop, Jack Spicer ou H.D. chegaban ao papel na nosa lingua. Tamén traduciú *A antropoloxía da auga* (Chan da Pólvora, 2023), de Anne Carson.





## Índice de poetas

Pax.

Pol Guasch .....	11
Brenda Mondelo .....	33
Miguel R. Montavaro .....	49
Andreia C. Faria .....	59
Andrea Nunes .....	71
Bernardo Atxaga .....	85





galicia

Casa de Rosalía  
A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[rosalia.gal](http://rosalia.gal)

